

PRIMEIROS RESULTADOS DA EFECTIVIDADE DA VACINACIÓN ANTIGRIPAL 2018

Eurosurveillance ven de publicar os dous primeiros artigos cos resultados de sendas avaliacións da efectividade da vacinación (EV) antigripal na campaña actual.

Ambos os dous traballos estiman a EV como 1-Odds Ratio, e empregan o deseño de test negativo de casos, que consiste en recoller mostras nasais ou nasofarínxeas dos pacientes que cumpran a definición clínica de caso de gripe para, segundo sexa o resultado microbiolóxico para o virus da gripe, clasificalos despois en *casos*, se o resultado foi positivo, ou en *controis* se foi negativo, con independencia do seu estatus vacinal.

O primeiro artigo, elaborado con datos da rede de vixilancia sentinela de Canadá en atención primaria [ligazón], ten como definición clínica de caso de gripe: paciente que nos sete días anteriores tivo febre súpeta, tose e polo menos un dos seguintes: mialxia, artraxia, prostración e dor de gorxa.

O estudo achou unha EV axustada do 72% (IC95%: 60-81) para AH1N1_{09pdm}, que foi o subtipo viral que predominou dun xeito claro en Canadá.

O artigo destaca tamén que os nenos de entre 1 e 8 anos de idade parecen estar máis afectados que noutras tempadas de predominio de AH1, podería ser porque ao nacer despois da pandemia tiveron menor oportunidade de exposición. Con todo, e para este grupo de idade, a EV axustada foi dun 91% (IC 95%: 67-98).

Estes valores son moi parecidos aos observados no outro artigo, elaborado con datos de pacientes ingresados en hospitais de Hong Kong [ligazón], que tiñan entre 6 meses e 17 anos de idade. Neste estudo, no que se emprega unha definición clínica de caso algo diferente (febre súpeta e algún síntoma respiratorio, como tose, dor de gorxa ou secreción nasal), achou unha EV axustada para o subtipo AH1N1_{09pdm} dun 92% (IC95%: 82-96).

No mesmo senso parecen ir as estimacións preliminares de EV obtidas no marco do Proxecto cycEVA, compoñente da rede Europea I-Move, no que se obtivo unha EV antigripal moderada-alta fronte ao subtipo AH1N1_{09pdm}, aínda que, ata o momento, é subóptima fronte ao AH3N2 [ligazón].

AVALIACIÓN PROVISIONAL DA CAMPAÑA DE VACINACIÓN ANTIGRIPAL 2018

A campaña de vacinación antigripal, que comezou o pasado 22 de outubro, prorrogouse ata o 25 de xaneiro, polo que a súa duración incrementouse 4 semanas a respecto da do ano precedente. Entre as novidades desta campaña cabe salienta o emprego da vacina antigripal tetravalente en mulleres embarazadas e nos menores de 15 anos que presentan algunha condición de risco.

Unha vez rematada a campaña na nosa comunidade, os datos provisionais sinalan unha cobertura global en persoas de 65 ou máis anos do 58'6%, o que ratifica a tendencia crecente amosada nos últimos anos. Rexistráronse un total de 566.424 persoas vacinadas, o que supón 26.728 máis que na campaña precedente. Nas persoas de 65 ou máis anos rexistráronse un total de 394.172 vacinacións (8.202 máis que no ano 2017).

O aumento máis espectacular en canto a cifras de vacinación produciuse no grupo de embarazadas, nas que a cobertura pasou do 26'1% no ano anterior a un 52'8% na presente campaña, superando en máis de 12 puntos os obxectivos marcados.

Por provincias, as que presentan unha cobertura maior son

Ourense (62'5 %) e Lugo (62'4 %). A Coruña presenta unha cobertura do 58'1 % e Pontevedra un 55'6%. Nas catro provincias da nosa comunidade aumentaron as cifras a respecto das do ano 2017 (Apéndice).

Outra das novidades da presente campaña é que se ofreceu ao persoal dos centros sanitarios públicos a oportunidade de vacinarse unha semana antes do comezo da campaña para a poboación xeral, favorecendo a protección contra a enfermidade e diminuindo así o risco de transmisión a pacientes, sobre todo naquelas persoas susceptibles de padecer complicacións.

No referente á vacinación do persoal sanitario, os datos dispoñibles reflicten unha tendencia á alza. A cobertura neste grupo dentro do Sergas supera en 6 puntos porcentuais o 40% establecido como obxectivo. Na presente campaña obsérvase un incremento de 7'6 puntos na cobertura do persoal médico e de enfermaría, ao pasar de 38'9% no 2017 a 46'5% na campaña actual. Por niveis asistenciais, Atención Primaria cun 56'5% mantense por diante da Atención Hospitalaria (42'2%) (Apéndice).


BRASIL E A FEBRE AMARELA

Brasil notificou á OMS 14 casos confirmados de febre amarela, incluídas 5 defuncións. Ocorreron dende o mes de decembro, nos estados de São Paulo, Minas Gerais e Paraná. Estes casos, poderían supor unha terceira onda e unha progresión da epidemia cara ao sueste e sur do país.

Nesta circunstancia, compre recordar a indicación da vacina contra a febre amarela, 1 soa dose, que proporciona inmunidade de por vida. A cita nos centros de vacinación [ligazón] debe solicitarse polo menos 2 meses antes da viaxe.

AVALIACIÓN PROVISIONAL DA CAMPAÑA DA GRIPE 2018

Cobertura de vacinación antigripal en persoas de 65 ou máis anos, por provincias, campañas 2017-2018.
 Datos definitivos no 2017 e datos provisionais no 2018.



Evolución das coberturas globais de vacinación antigripal (persoal médico e de enfermaría do Sergas) en Atención Primaria e Atención Hospitalaria, período 2014-2018.

Datos definitivos nos anos 2014-2017 e datos provisionais no 2018.

